

Dilixencia: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o 12 de xullo de 2026.

A secretaria-interventora

## **BASES REGULADORAS DO SERVIZO “ CONCILIA VERÁN 2026 ” DO CONCELLO DE MAÑÓN.**

O Servizo Municipal de Conciliación “CONCILIA VERÁN” supón unha alternativa de lecer e de aprendizaxe para nenas e nenos nados entre 2014 e 2022, facilitando a conciliación familiar, laboral e persoal das familias.

Os **obxectivos** do servizo de conciliación son:

- a) Favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias.
- b) Ofertar un recurso público integrador para as e os menores con idades comprendidas entre 4 e 12 anos que cursaran Educación Infantil ou Educación Primaria no curso 2025/2026.
- c) Facilitar alternativas educativas de lecer e tempo libre durante as vacacións, favorecendo a participación dos/das menores en actividades lúdicas, deportivas e de convivencia, e promovendo valores de respecto, igualdade e corresponsabilidade.
- d) Contribuír á diminución das desigualdades sociais favorecendo a integración dos e das menores nun ambiente normalizado de convivencia con outros nenos e nenas.

### **1. OBXECTO.**

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as normas para a selección das persoas participantes no Servizo Municipal de Conciliación “CONCILIA VERÁN” durante o verán de 2026. No marco do Plan Corresponsables cofinanciado pola Consellería de Política Social e Igualdade e polo Ministerio de Igualdade.

## 2. PERSOAS DESTINATARIAS.

A poboación destinataria do Servizo Municipal de Conciliación “CONCILIA VERÁN” son as nenas e nenos escolarizados, nados/as entre 2014 a 2022, ambos incluídos.

## 3. LUGAR, PERÍODO DE REALIZACIÓN E QUENDAS OFERTADAS.

O Servizo Municipal de Conciliación do Concello de Mañón “CONCILIA VERÁN” desenvolverase nas dependencias municipais, Pavillón de Esteiro e Área recreativa Obra Pía, dende o 29 de xuño ao 31 de agosto (9 semanas), e distribuirase en nove quendas da seguinte forma:

- **Quenda 1:** do 29 de xuño ao 3 de xullo.
- **Quenda 2:** do 6 ao 10 de xullo.
- **Quenda 3:** do 13 ao 17 de xullo.
- **Quenda 4:** do 20 ao 24 de xullo.
- **Quenda 5:** do 27 ao 31 de xullo.
- **Quenda 6:** do 3 ao 7 de agosto.
- **Quenda 7:** do 10 ao 14 de agosto.
- **Quenda 8:** do 17 ao 21 de agosto.
- **Quenda 9:** do 24 ao 31 de agosto.

Será necesario que haxa un grupo mínimo de 5 menores en cada quenda para que se preste o servizo.

## 4. HORARIO.

O horario ordinario do Servizo Municipal de Conciliación será de mañá, de **09:00 a 14:00 horas de luns a venres.**

**Os días festivos non haberá servizo.**

## 5. PRAZAS OFERTADAS.

O número de prazas que se ofertan son 20 por quenda. No caso de haber mais solicitudes que prazas, realizarase a selección dos/das menores tendo en conta os criterios recollidos nestas bases. No caso de producirse un empate, unha vez aplicados os criterios de baremación, terase en conta o nivel de renda familiar.

**Perderán o seu dereito a praza na actividade os/as menores que conten con máis de tres faltas sen xustificar.**

## **6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

A formalización da solicitude realizarase cubrindo a ficha de inscrición que será facilitada nas dependencias municipais, no rexistro xeral ou en sede electrónica do Concello de Mañón, aportando, nese momento, a documentación que se require. Deberá indicarse o período de participación na quenda solicitada segundo figura na ficha de inscrición.

Documentación a presentar:

- a) Solicitude de participación no campamento de acordo a estas bases (Anexo I).
- b) Anexo II e Anexo III.
- c) Fotocopia do DNI/NIE/Pasaporte do/a menor.
- d) Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- e) Fotocopia do DNI/NIE/Pasaporte do/a pai/nai/persoa titora legal que asine a solicitude.
- f) Fotocopia do Libro de Familia.
- g) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmos ou informe do servizo público de saúde.
- h) No caso de pertencer a grupo en situación de vulnerabilidade, informe acreditativo do mesmo (violencia de xénero, exclusión social...).
- i) No caso de separación/divorcio entre os/as proxenitores/as copia do convenio regulador da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- j) Vida laboral dos/as proxenitores/as ou documentación que acredite a futura contratación ou situación en período de formación.
- k) Declaración da renda dos/as proxenitores/as correspondente ao ano 2024.

## 7. PRAZO DE INSCRICIÓN.

O prazo de inscrición será do **15 ao 19 de xuño**, ambos incluídos. En caso de quedar prazas vacantes abrirase un prazo extraordinario de matrícula. A solicitude virá asinada polo pai, nai, ou persoa titora do/da menor. O **23 de xuño** publicarase a lista de persoas admitidas no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de Mañón.

## 8. CUSTO DA ACTIVIDADE.

O servizo será completamente de balde para as familias.

## 9. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas en cada quenda, estes serán os criterios de adxudicación de praza, na seguinte orde de baremación:

**1º)** Que a nena ou o neno estea empadroado no Concello de Mañón e ambos/as proxenitores/as ou a familia monoparental teñan vixente unha relación laboral en activo no período de presentación de solicitudes e/ou durante a duración da actividade da que será necesaria a xustificación.

O mesmo será aplicable ás persoas proxenitoras que estean realizando un curso do plan de formación impartido dentro da formación para persoas desempregadas da Conselleira de Emprego, Comercio e Emigración.

**2º)** Que a nena ou neno curse estudos nun centro educativo de Mañón, e e ambos/as proxenitores/as ou a familia monoparental teñan vixente unha relación laboral en activo no período de presentación de solicitudes e/ou durante a duración da actividade da que será necesaria a xustificación.

O mesmo será aplicable ás persoas proxenitoras que estean realizando un curso do plan de formación impartido dentro da formación para persoas desempregadas da Conselleira de Emprego, Comercio e Emigración.

**3º)** Que algún dos/as proxenitores/as teña vixente unha relación laboral en activo no periodo de presentación de solicitudes e/ou durante a duración da actividade con algunha empresa do municipio de Mañón que esixa o desenvolvemento da actividade laboral no propio municipio.

O mesmo será aplicable as persoas proxenitoras que estean realizando un curso do plan de formación impartido dentro da formación para persoas desempregadas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no Concello de Mañón.

**4º)** As familias numerosas.

**5º)** As familias monoparentais.

**6º)** As vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra as mulleres.

**7º)** As nenas e nenos con discapacidade. Sempre e cando a discapacidade lles permita integrarse no grupo.

**8º)** As persoas en risco de exclusión social ou unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados.

Dentro de cada grupo que corresponda a un criterio determinado realizarase o listado en función do nivel de ingresos anuais per cápita da unidade familiar, ordenado de menor a maior.

En Mañón, na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Alfredo Dovale Pedreira



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE IGUALDAD



Concello de  
MAÑÓN

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO PROGRAMA “CONCILIA VERÁN” DO CONCELLO DE MAÑÓN

Obrigatorio cumprimentar todos os datos no momento da inscrición.

DATOS DO PAI/NAI OU PERSOA TITORA QUE ASINA A SOLICITUDE			
Nome e apelidos			
Enderezo			
DNI/NIE N.º		Empadroad/a no Concello de Mañón	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Teléfonos de contacto	1º _____ . Parentesco: _____	WhatsApp	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	2º _____ . Parentesco: _____		
Correo electrónico			

DATOS DA/DO MENOR QUE VAI PARTICIPAR NA ACTIVIDADE	
Nome e apelidos	
DNI/NIE/Pasaporte	
Enderezo	
Data de nacemento	

QUENDAS DE PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE “CONCILIA VERÁN”			
Quenda semanal xullo	Marcar	Quenda semanal agosto	Marcar
Do 29 de xuño ao 3 de xullo		Do 3 ao 7 de agosto	
Do 6 ao 10 de xullo		Do 10 ao 14 de agosto	
Do 13 ao 17 de xullo		Do 17 ao 21 de agosto	
Do 20 ao 24 de xullo		Do 24 ao 31 de agosto	
Do 27 ao 31 de xullo		Mes de agosto completo	
Mes de xullo completo			



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



Concello de  
MAÑÓN

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE:

- Solicitud de participación no campamento de acordo a estas bases (Anexo I).
- Anexo II e Anexo III.
- Fotocopia do DNI/NIE/Pasaporte do/a menor.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Fotocopia do DNI/NIE/Pasaporte do/a pai/nai/persoa titora legal que asine a solicitude.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmos ou informe do servizo público de saúde.
- No caso de pertencer a grupo en situación de vulnerabilidade, informe acreditativo do mesmo (violencia de xénero, exclusión social...).
- No caso de separación/divorcio entre os/as proxenitores/as copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- Vida laboral dos/as proxenitores/as ou documentación que acredite a futura contratación ou situación en período de formación.
- Declaración da renda dos/as proxenitores/as correspondente ao ano 2024.

En Mañón, a      de      de 2026

Sinatura do/a representante legal

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.** De conformidade co disposto na normativa de Protección de Datos de Carácter persoal informámoslle, que o Responsable de Tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento é o CONCELLO DE MAÑÓN, para atender a xestión do programa Concilia verán e calquera tipo de xestión realizada por este medio de comunicación. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo por obrigação legal.

Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os formularios dispoñibles no CONCELLO DE MAÑÓN, acompañados dunha copia do DNI para acreditar a súa identidade en PRAZA DO MESÓN Nº 1, 15337 – O BARQUEIRO - MAÑÓN (A CORUÑA) ou en [sede.manon.es](https://sede.manon.es).

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [correo@manon.es](mailto:correo@manon.es).

**ANEXO II****AUTORIZACIÓN PARA CAPTACIÓN DE DATOS E IMAXES**

Don/dona \_\_\_\_\_ con DNI/NIE \_\_\_\_\_  
como pai/ nai/ titor/a legal do/da menor: \_\_\_\_\_

**DECLARA:**

1. Que foi informada de que a participación no programa Concilia Verán poderá comportar a captación de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc (en diante, imaxes) da persoa participante na actividade, e a súa publicación a través dos medios de difusión corporativo das iniciativas e actividades do Concello de Mañón, tales como páxina web, redes sociais, informes/documentos derivados da actividade e noutros medios de comunicación social.

Para autorizar ou rexeitar a devandita captación e publicación de imaxes, que se entenderá feita a título gratuito e sen límite temporal, deberá marcar o recadro correspondente:

Si, dou o meu consentimento expreso para que se publiquen imaxes e /ou vídeos nos que poda aparecer o/a menor ao meu cargo a través das canles mencionadas.

Non dou o meu consentimento expreso para que se publiquen imaxes e /ou vídeos nos que poda aparecer o/a menor ao meu cargo a través das canles mencionadas.

En Mañón, a      de      de 2026

Sinatura do/a representante legal

## ANEXO III

## PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DO/A MENOR

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI/NIE \_\_\_\_\_  
como pai, nai ou titor/a legal do neno/a.: \_\_\_\_\_

Autoriza a recoller ao/á meu/miña fillo/a ás seguintes persoas que deberían identificarse mostrando o seu documento nacional de identidade.

2022

Persoa autorizada/Parentesco	DNI/NIE	Teléfono

En Mañón, a        de        de 2026

Sinatura do/a representante legal

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.** De conformidade co disposto na normativa de Protección de Datos de Carácter persoal informámoslle, que o Responsable de Tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento é o CONCELLO DE MAÑÓN, para atender a xestión do programa Concilia verán e calquera tipo de xestión realizada por este medio de comunicación. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo por obrigaación legal.

Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os formularios dispoñibles no CONCELLO DE MAÑÓN, acompañados dunha copia do DNI para acreditar a súa identidade en PRAZA DO MESÓN Nº 1, 15337 – O BARQUEIRO - MAÑÓN (A CORUÑA) ou en [sede.manon.es](https://sede.manon.es/).



Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [correo@manon.es](mailto:correo@manon.es).